

O cárcere, máximo elemento deshumanizador do capitalismo

O pasado mércores 15 de Maio chegaba ás noticias galegas a morte de Pedro Escudero Gallardo, preso badaxocense localizado no centro penitenciario Teixeiro. A causa do deceso, segundo os funcionarios da prisión, foi a asfixia orixinada por un incendio provocado polo propio recluso. Ante este suceso, os familiares expresaron polas redes a súa discrepancia fronte á versión oficial.

O certo é que o Estado Español, no que a crimes extraoficiais respecta, non ten precisamente pouca experiencia, máis aínda nas institucións ocultadas ao pobo como poden ser os seus cárceres. Mentres que para algúns políticos oportunistas as cloacas do Estado aparecen e desaparecen segundo se se senten atacados ou non, organismos nacionais e internacionais sinalan continuamente a España coma un país criminal. Basta remontarse uns días atrás, cando o Comité dos Dereitos Humanos da ONU ditamina, unha vez máis, que o preso político vasco Lupiáñez sufriu torturas durante a súa detención en 2007.

As torturas, das que lembramos hai milleiros de casos documentados no noso país, son a resposta que teñen as institucións españolas ante o que eles consideran un ataque ou ameaza. Estas poden asumir varias formas: dispersión (vulnerando o dereito familiar), illamento, agresións físicas... Así se explica, por exemplo, que a totalidade dos actuais e pasados presos comunistas, moitos deles do PCE(r), reciban innumerables represalias por denunciar o trato vexatorio ao que os teñen acostumados. A ideoloxía do proletariado fai dano incluso cando o individuo que a posúe non pode ver a luz do día. Isto non só se aplica ao marxismo-leninismo, senón tamén a outros movementos como o independentismo (galego, vasco ou catalán). A razón, a mesma: a resolución da cuestión nacional é un duro golpe contra o ADN franquista español.

Sen embargo, estaríamos errando se só sinalásemos as torturas

cara os presos políticos, posto que non só eles enchen o espazo entre barrotes dos cárceres do Estado. Os presos comúns tamén son maltratados por parte dos funcionarios penitenciarios. O cárcere, que debería ser un centro de reinserción e reeducación destes elementos que pola súa realidade material non encaixan na sociedade, é realmente un lugar onde a vinganza é a primeira e derradeira lección que imparten os carcereiros. Así foi que Pedro Escudero Gallardo que sufría de cancro, non foi beneficiario da excarcelación por enfermidade, como si o foi o ex-president da Generalitat Valenciana Eduardo Zaplana, nin puido acceder ás medicinas ás que supostamente tiña dereito.

Ademais da súa enfermidade, Pedro denunciou unha serie de maltratos como a malleira recibida por parte dos funcionarios de prisión o 24 de Novembro de 2018, pola cal estaba en activo un procedemento xudicial. Torturas as cales a súa familia tiña constancia, a mesma familia que pon en dúbida se este suceso foi un suicidio ou un asasinato. O que non cabe dúbida é que independente da motivación da súa morte, Pedro foi vítima dunha realidade da que non se fala, dunha realidade que incluso se idealiza por parte dos medios de comunicación.

Por todo isto, desde a Célula Aurora de A Coruña solidarizámonos cos familiares de Pedro e con tódolos presos que sofren as agresións penitenciarias do Estado fascista Español. Ao mesmo tempo, gostaríanos lanzar unha mensaxe de apoio e solidariedade aos presos comunistas, anarquistas e independentistas pola súa condición de presos políticos e, aínda por riba, polas condicións infrahumanas ás que son sometidos.

Por último, sinalamos aos cárceres como elementos de máxima represión ao pobo traballador, pois non teñen máis que o obxectivo de anular a conciencia e a moral do individuo. Estas institucións nunca poderán ter un carácter humanista no sistema actual das que nacen, o capitalismo monopolista de Estado, posto que carece de ningún ápice de humanidade. É por

iso que para mudar esta situación, para liberar aos presos políticos e poder reinserir dun xeito adecuado ao presos comúns, é indispensable dinamitar este sistema que se sustenta na explotación do home polo home, tomando partido na loita de clases e participando na Fronte Única do Pobo, pois os traballadores o único que perdemos na revolución son as nosas cadeas.

Camarada, rompe as túas cadeas!

Contra a represión sistemática do Estado!

Polo socialismo!

La cárcel, máximo elemento deshumanizador del capitalismo

El pasado miércoles 15 de mayo llegaba a las noticias gallegas la muerte de Pedro Escudero Gallardo, preso badajocense localizado en el centro penitenciario Teixeiro. La causa del fallecimiento, según los funcionarios de la prisión, fue la asfixia originada por un incendio provocado por el propio recluso. Ante este suceso, los familiares expresaron por las redes su discrepancia frente a la versión oficial.

Lo cierto es que el Estado Español, en lo que a crímenes extraoficiales respecta, no tiene precisamente poca experiencia, más aún en las instituciones ocultadas al pueblo como pueden ser sus cárceles. Mientras que para algunos políticos oportunistas las cloacas del Estado aparecen y desaparecen según si se sienten atacados o no, organismos nacionales e internacionales señalan continuamente a España como un país criminal. Basta remontarse unos días atrás, cuando el Comité de Derechos Humanos de la ONU dictamina, una vez más, que el preso político vasco Lupiáñez sufrió torturas durante su detención en 2007.

Las torturas, de las que recordamos hay miles de casos documentados en nuestro país, son la respuesta que tienen las

instituciones españolas ante lo que ellos consideran un ataque o amenaza. Estas pueden asumir varias formas: dispersión (vulnerando el derecho familiar), aislamiento, agresiones físicas... Así se explica, por ejemplo, que la totalidad de los actuales y pasados presos comunistas, muchos de ellos del PCE(r), reciben innumerables represalias por denunciar el trato vejatorio al que los tienen acostumbrados. La ideología del proletariado hace daño incluso cuando el individuo que la posee no puede ver la luz del día. Esto no sólo se aplica al marxismo-leninismo, sino también a otros movimientos como el independentismo (gallego, vasco o catalán). La razón, la misma: la resolución de la cuestión nacional es un duro golpe contra el ADN franquista español.

Sin embargo, estaríamos errando si sólo señalásemos las torturas hacia los presos políticos, puesto que no sólo ellos llenan el espacio entre barrotes de las cárceles del Estado. Los presos comunes también son maltratados por parte de los funcionarios penitenciarios. La cárcel, que debería ser un centro de reinserción y reeducación de estos elementos que por su realidad material no encajan en la sociedad, es realmente un lugar donde la venganza es la primera y última lección que imparten los carceleros. Así fue que Pedro Escudero Gallardo, que sufría de cáncer, no fue beneficiario de la excarcelación por enfermedad, como sí lo fue el expresidente de la Generalitat Valenciana Eduardo Zaplana, ni pudo acceder a las medicinas a las que supuestamente tenía derecho.

Además de su enfermedad, Pedro denunció una serie de maltratos como la paliza recibida por parte de los funcionarios de prisión el 24 de noviembre de 2018, por la cual estaba en activo un procedimiento judicial. Torturas de las cuales su familia tenía constancia, la misma familia que pone en duda si este suceso fue un suicidio o un asesinato. Lo que no cabe duda es que independientemente de la motivación de su muerte, Pedro fue víctima de una realidad de la que no se habla, de una realidad que incluso se idealiza por parte de los medios

de comunicación.

Por todo esto, desde la Célula Aurora de A Coruña nos solidarizamos con los familiares de Pedro y con todos los presos que sufren las agresiones penitenciarias del Estado fascista español. Al mismo tiempo, nos gustaría lanzar un mensaje de apoyo y solidaridad a los presos comunistas, anarquistas e independentistas por su condición de presos políticos y, aún por encima, por las condiciones infrahumanas a las que son sometidos.

Por último, señalar a las cárceles como elementos de máxima represión al pueblo trabajador, pues no tienen más que el objetivo de anular la conciencia y la moral del individuo. Estas instituciones nunca podrán tener un carácter humanista en el sistema actual de las que nacen, el capitalismo monopolista de Estado, que carece de ningún ápice de humanidad. Es por eso que, para cambiar esta situación, para liberar a los presos políticos y poder reinserir de una forma adecuada a los presos comunes, es indispensable dinamitar este sistema que se sustenta en la explotación del hombre por el hombre, tomando partido en la lucha de clases y participando en el Frente Único del Pueblo, pues los trabajadores lo único que perdemos en la revolución son nuestras cadenas.

¡Camarada, rompe tus cadenas!

¡Contra la represión sistemática del Estado!

¡Por el socialismo!

Célula Aurora de Coruña del Partido Comunista Obrero Español
(PCOE)